


CORUÑA
Orgullosa



CELEBRANDO a DIVERSIDADE



2026



CORUFEST



ORCO
ORGULLO CORUÑA
Asociación LGTBOI
sin ánimo de lucro



ATLANTIC
PRIDE




26
Fundación Hermanos
de Diciembre



Lesworking
LESBIAN NETWORKING



Concello da Coruña








CELEBRANDO a DIVERSIDADE

01 CONECTANDO MULLERES LB

PRESENTACIÓN DO “ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DAS MULLERES LESBIANAS EN GALICIA”






Marta Herraiz Fernández e Eva Mejuto Rial presentarán os resultados do estudo e contarán coa presenza de Elena Herraiz Medina (Linguriosa), divulgadora lingüística e colaboradora do programa “Cifras y Letras”.

-  **Data:** 10 de xuño
-  **Lugar:** Quiosco Afonso
-  **Horario:** 19.30 h
-  **Público:** para público xeral
-  **Inscripción previa:** a través da ligazón: <https://bit.ly/4vh10IQ>

02 CHARLAS “HUMAN LIBRARY”


2026: ANO TEMÁTICO DAS PERSONAS INTERSEX

Contaremos coa presenza de **Mer Gómez**, que nos falará sobre a situación actual das persoas intersex co obxectivo de construír imaxinarios colectivos e culturais sobre a diversidade corporal. A súa consigna é formar e informar desde unha perspectiva biográfica para seguir creando un mundo máis xusto e con dereitos para todas as persoas.

-  **Data:** 11 de xuño
-  **Lugar:** Quiosco Afonso
-  **Horario:** 19.30 h
-  **Público:** para público xeral
-  **Inscripción previa:** a través da ligazón: <https://bit.ly/43DLBzP>

Biografía: Mer Gómez: é unha das voces máis activas actualmente. É activista, investigadora e autora do libro *La rebelión de las hienas*. O seu enfoque é moi potente porque une a vivencia privada cunha crítica a como o medicamento tratou historicamente os corpos intersex.





CELEBRANDO a DIVERSIDADE

03 < CONTACONTOS DIVERSOS

“Planeta LGTBI”: o Planeta M’BURRO é (como o nome ben di) moi aburrido. Alí todo é monótono, todo o mundo viste igual, as comidas saben todas ao mesmo, as familias teñen sempre os mesmos compoñentes...

Cando un M’burrado vén de expedición intergaláctica ao noso Planeta Terra, observa que aquí nos gusta moito a diversidade... e, o máis curioso, as familias non son todas idénticas. Hai familias cunha nai e un pai, familias con dúas nais, con dous pais, familias monoparentais...

O que nun comezo lle parece ao estraño ET, desorde e caos, acaba converténdose en riqueza cultural e sensación de fresca liberdade que o leva a volver formularse todo o que sempre deu por feito.



Data: 18 de xuño



Lugar: Galgo Azul



Horario: 18.00 h



Público: para familias; aberto ata completar a capacidade

04 < VENTORRILLO ORGULLOSO

O barrio do Ventorrillo festexa o seu IV Ventorrillo Orgullosa, con diversas actividades como sesión vermú, música para nenas e nenos, lectura dun manifesto e tardeo con DIANA POMBO, MAYRA e ZELTIA. A tarde estará tamén amenizada polo concerto de The Feedback e a actuación da drag “La Brilllos”. Ademais, ao longo de todo o día, haberá un mercado de artesanía centrado en produtos con temática LGTBI.



Data: 20 de xuño




Lugar: barrio do Ventorrillo



Horario: desde as 13.30 h



Público: para público xeral







CORUÑA
Orgullosa



CELEBRANDO a DIVERSIDADE



05 FEIRA DE ENTIDADES

Encontro onde as entidades da cidade pertencentes ao colectivo LGTBI informarán a todas aquelas persoas que o desexen sobre os seus obxectivos e finalidade. A feira contará cun espazo de dinamización para as e os máis pequenas e pequenos, onde contarán con obradoiros de pulseiras e maquillaxe temática.

-  **Data:** 27 de xuño
-  **Lugar:** zona dos Xardíns de Méndez Núñez
-  **Horario:** de 10.30 a 14.30 h
-  **Público:** para público xeral

06 MANIFESTACIÓN ORGULLO

-  **Data:** 28 de xuño
-  **Lugar:** finalización en M.^a Pita, onde se lerá o manifesto





-  **Horario:** 20.00 h
-  **Público:** para público xeral



07 CONCERTO DA MANIFESTACIÓN DO ORGULLO


Concerto de:
Sophie Simonds + Cecilia Burillo, dúo formado por estas dúas artistas da escena coruñesa que se presentan xuntas cun formato íntimo e que combinan os seus universos musicais para nos ofrecerem unha experiencia musical única.
A Banda da Raposa, banda galega (dúo) formada por María Villanueva e Rubén Abad

que mestura estilos como a música clásica, o jazz, o pop e as músicas do mundo.

-  **Data:** 28 de xuño
-  **Lugar:** Praza de Azcárraga
-  **Horario:** 22.00 h
-  **Público:** para público xeral



Concello da Coruña







CORUÑA
Orgullosa


CELEBRANDO a
DIVERSIDADE

08 CINE CON ORGULLO

Volve, por sétimo ano consecutivo, o ciclo *Cinema con orgullo*, xa consolidado como un referente do cine ao aire libre na cidade. Esta iniciativa nace co obxectivo de sensibilizar a poboación e fomentar o debate arredor das problemáticas máis actuais que afectan ao colectivo LGTBI+.

-  **Datas:** 1, 2 e 3 de xullo
-  **Lugar:** Campo da Leña
-  **Horario:** 22.00 h
-  **Público:** para público xeral

UN ALTRE HOME · David Moragas · España / Catalunya · 2025 · 90 min · VOSE

 **Data:** Mércores 1 de xullo  **Xénero:** drama romántico

+ **Outro concerto para flores**, de Samuel Merino · Performance poética

MONTRÉAL, MA BELLE · Xiaodan He · Canadá · 2025 · 117 min · VOSE

 **Data:** Xoves 2 de xullo  **Xénero:** drama romántico


AS LIÑAS DESCONTINUAS · Anxos Fazáns · España/Galiza · 2025 · 90 min · VOSE

 **Data:** Venres 3 de xullo · Cinema galego  **Xénero:** drama romántico

Presentación e coloquio con Anxos Fazáns



Concello da Coruña



CORUÑA
Orgullosa

CELEBRANDO a
DIVERSIDADE

09

EVENTO REDI “ORGULLO CORPORATIVO. EMPRESAS E DIVERSIDADE LGTBI+”

No marco da programación de Coruña Orgullosa 2026, celébrase este encontro dirixido a impulsar a visibilidade e a integración da diversidade LGTBI+ no ámbito laboral. Contará con testemuñas en primeira persoa que falarán de boas prácticas, retos e oportunidades para avanzar cara contornas de traballo máis inclusivas.



Data: 3 de xullo



Lugar: Club Cámara Noroeste, Paseo Marítimo Alcalde Francisco Vázquez, s/n



Horario: 9.30



Público: Tecido empresarial da Coruña. Inscripción previa

10

III PREMIO TOMÁS FÁBREGAS

Entrega do III Premio Tomás Fábregas no Pazo Municipal.




Lugar: Pazo Municipal de María Pita



Público: con invitación previa



Concello da Coruña



CELEBRANDO a DIVERSIDADE

11

ACTIVIDADES DO ESPAZO DIVERSO



Compartindo sabores: obradoiro de cocíña

Obradoiro impartido por Andrés Cuevas Gil (panadeiro, pasteleiro, xeadeiro e confeitiro profesional).

Trátase dun espazo onde o relevante non é o resultado final, senón o proceso compartido, o intercambio e a posibilidade de habitar un contorno respectuoso e acoledor. A través dunha actividade cotiá e accesible, contribúese á normalización das diferentes vivencias e á xeración de relacións baseadas na proximidade.



Data: 19 de xuño



Lugar: Centro Cívico Cidade Vella



Horario: 17.00 a 19.30 h



Público: para público xeral, a partir dos 16 anos; capacidade limitada.



Inscripción previa: Enderezo: rúa de Veeduría, 2, 15001 A Coruña
Teléfono: 981 189 889

Corpos en movemento

Este obradoiro emprega a música como ferramenta lúdica de conexión, explora a creación colectiva desde a práctica e favorece a participación libre e o gozo compartido. Dar visibilidade a referencias musicais LGTBI+, ademais, é fundamental para a normalización da diversidade e contribúe a ampliar imaxinarios dentro da creación artística.



Data: 25 de xuño



Lugar: Centro Cívico Cidade Vella



Horario: 17.00 a 19.00 h




Público: para público xeral, a partir dos 16 anos, capacidade limitada.



Inscripción previa: Enderezo: rúa de Veeduría, 2, 15001 A Coruña
Teléfono: 981 189 889





CORUÑA
Orgullosa

CELEBRANDO a
DIVERSIDADE








< ...

Ficcións corpóreas: creación de personaxe Drag

Este obradoiro correrá a cargo de **Nenaza (Laura Merchán)**, artista drag que reivindica a feminidade a través do imaxinario da mitoloxía galega.


A arte drag é unha forma de expresión que permite xogar coa identidade, o corpo e os roles de xénero a través da creación de personaxes. Este obradoiro propón un espazo onde explorar a performance desde a experiencia propia, o movemento, a presenza e a caracterización como ferramentas creativas. A través do corpo, búscase analizar como nos expresamos e nos relacionamos coa contorna e ábrese a posibilidade de construír outras formas de estar e habitar máis alá das normas establecidas.

Esta proposta sitúa o corpo como lugar de experimentación e liberdade e ofrece un contexto onde cuestionar o binarismo de xénero e xogar coa ambigüidade, a esaxeración e a transformación.

-  **Data:** 30 de xuño
-  **Lugar:** Centro Cívico Cidade Vella
-  **Horario:** 17.00 a 19.00 h
-  **Público:** para público xeral, a partir dos 16 anos; capacidade limitada.
-  **Inscripción previa:** Enderezo: rúa de Veeduría, 2, 15001 A Coruña
Teléfono: 981 189 889




Concello da Coruña



CORUÑA
Orgullosa

CELEBRANDO a DIVERSIDADE



12

ACTIVIDADES DO SERVIZO DE CANGURAXE

O servizo de canguraxe municipal realizará, na semana do 25 ao 29 de xuño, obradoiros e actividades relacionadas co fomento do respecto cara a diversidade, a identificación de valores e a promoción da empatía. Os contidos das actividades están orientados ao desenvolvemento de actitudes de respecto cara á diversidade. Os obradoiros que se levarán a acabo serán:

- O meu mundo de cores.
- Biodiversidade imaxinaria.
- O Muro dos talentos.
- Creación dun dicionario de “Bichos diferentes”.

- O gardarroupa da liberdade.
- Deseños de sombreiros “Vítor”.
- A man da autoestima.
- Somos Arco da Vella!



Datas: do 25 ao 29 de xuño



Lugar: ludotecas e espazos de atención á infancia municipais




Horario: nos horarios de apertura dos propios espazos



Público: nenas e nenos cuxas familias son usuarias do servizo de conciliación



Concello da Coruña



CORUÑA
Orgullosa

CELEBRANDO a
DIVERSIDADE

13

ACTIVIDADES DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

Editatona de obras literarias no Orgullo 2026

Obradoiro dirixido ás persoas integrantes dos **clubs de lectura das BMC e Queeruña**, consistente nunha xornada de editatona (ou creación de contido) de obras literarias na Galipedia, unha enciclopedia en liña colaboradora en lingua galega, co obxectivo principal de **poñer en valor o dereito á lectura** como un pilar dos dereitos culturais, ao seren estes esenciais para a dignidade, a realización persoal e a cohesión social, e como ferramenta para a diversidade e a memoria democrática fronte ao odio, a través dunha escolma de obras literarias en galego, presentadas nos clubs de lectura das Bibliotecas Municipais da Coruña, tanto xerais como temáticos.



Data: 18 de xuño



Lugar: Biblioteca do Fórum



Horario: 16.30 h




Público: para público xeral, xa que pon o foco en persoas usuarias das bibliotecas municipais e das súas actividades, persoas participantes dos clubs de lectura, especialmente QUEERuña, persoas do colectivo LGBTI da cidade, entidades académicas e estudantado comprometido co movemento LGBTI.

... ->



Concello da Coruña



CORUÑA
Orgullosa

CELEBRANDO a DIVERSIDADE



<- ...

Mostras literarias en salas infantís e de persoas adultas

As mostras literarias están recollidas en varias guías, divididas por idades: infantil, (pre) adolescencia e QUEERuña: unha década de lecturas.



Datas: do 22 de xuño ao 31 de xullo



Lugar: todas as bibliotecas municipais



Horario: no horario de apertura das bibliotecas



Público: para público xeral

Promoción en RRSS da Biblioteca MilHomes

Realizarase a promoción da recompilación dos títulos que, a histórica e desaparecida asociación coruñesa Milhomes gardaba no seu local.



Datas: nos meses de xuño e xullo



Lugar: redes sociais do Concello



Público: para público xeral



Concello da Coruña